Que pasa na Costa

Rosalía Fernández Rial guía un novo roteiro literario por Carballo coa AELG

Redacción

12 de novembro de 2026

https://www.quepasanacosta.gal/concellos/carballo/rosalia-fdez-rial-guia-novo-roteiro-literario-carballo-coa-aelg/20261112074931178157.html

Rosalía Fernández Rial será a protagonista este **domingo 22 de novembro** , dun novo Roteiro da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilítase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

O roteiro será, a partir das 11:30 horas, tendo como lugar de saída o cruzamento da Rúa da Lagoa coa Rúa Vila de Negreira, en Carballo.

A actividade é gratuíta e non é necesaria inscrición previa.